

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE MAIO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 22 de maio de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación dunha estación de servizo, e de licenza de obras de reforma de área de servizo con licenza de obras número 199/2011, na estrada N-640, P.K. 88,600, marxe dereita, cruzamento de Muxa, s/n, A Campiña.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a rectificación de erro no acordo número 5/294, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día tres de maio de 2013, polo que se concedía licenza de obra para instalación de ascensor para comunicar a planta baixa e entresollado no edificio sito en solo urbano na rúa Mar Cantábrico, número 26.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de reconstrución dun edificio existente, sito na rúa Tinería (Canella do Pombal), numero 16.

Así mesmo, acordase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento de parcela matriz sita en Penarrubia, Orbazai; para a construción dunha nave de planta baixa, sen uso definido, no Parque Empresarial As Gándaras, rúa A, parcela O.2.2; para instalación de estación base para equipos de telecomunicación, en solo rústico, en Laxe-Bascuas; para a construción de vivenda unifamiliar, no núcleo rural 5.3 anxos, parroquia de Viador; para segregación e simultánea agregación, para regularizar a configuración das parcelas matrices 6 e 7

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	12/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==

do polígono 130, de San Pedro de Soñar; para cambio de uso de dous locais b e c, actualmente con uso oficina, a unha vivenda na planta primeira do edificio con licenza número 1177/03, sito na rúa Camiño Verde, número 23-bis e para cambio de uso de seis locais de oficina H, I,J, en planta 1ª e 2ª (3 oficinas en planta primeira e 3 oficinas na planta segunda) a seis vivendas, do edificio con licenzas número 19/06 e 1174/07 sito na parcela 5, da Unidade de Actuación CS-6.

3. XESTIÓN.- Acórdase a imposición da sexta multa coercitiva e reiteración da execución das obras ordenadas na orde de execución de obras no inmovible número 48 da ronda da Muralla.

Así mesmo, acordase a declaración de ruína técnica no expediente contradictorio de ruína do inmovible situado no número 175 da rúa Illas Canarias.

Tamén se acorda a imposición da terceira multa coercitiva e reiteración da execución das obras ordenadas na "Orde de execución de obras para adoptar no inmovible número 1 da rúa Fonmiñá".

Do mesmo xeito, acordas ea imposición da terceira multa coercitiva e reiteración da execución das obras ordenadas na "Orde de execución de obras no inmovible número 66 da rúa Serra de Meira".

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a aprobación do réxime competencial da Xunta de Goberno Local, delegación de atribucións e réxime de substitución dos seus membros.

5. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo o día 8.06.2013 por un traballador municipal, por mor da celebración no salón de actos do CEI-NODUS actividades do VIII encontro de estudantes xitanos/as de Galicia e a aprobación da forma de compensación.


Acórdase a rectificación do acordo número 14/160 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día trece de marzo de dous mil trece.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

6. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 31 de xaneiro de 2013 e o 30 de xaneiro de 2014 para a actualización do contrato administrativo correspondente ao servizo de vixilancia no Fogar do Transeúnte.

Código Seguro de verificación:b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	12/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==	PÁGINA 2/3



b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==

Tamén se acorda a revisión de prezos para o período comprendido entre o 8 de marzo de 2013 e o 7 de marzo de 2014 para a actualización do contrato administrativo correspondente ao servizo de mantemento das aplicacións do sistema integral de xestión municipal.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación da participación no proxecto Parnet-Tic-2, orientado ao uso das novas tecnoloxías cara á busca e creación de emprego, mediante a capitalización, fomento e difusión dos resultados previos do proxecto inicial Parnet-Tic e compromiso de financiamento e certificación da existencia de dotación financeira suficiente durante os anos 2013 e 2014 de duración do proxecto.
- Acórdase a resolución de alegacións formuladas no contrato administrativo correspondente á inserción e explotación de publicidade interior e exterior nos autobuses urbanos de Lugo.
- Acórdase a rectificación do acordo número 18/324 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día oito de maio de dous mil trece, relativo a resolución das reclamacións presentadas por membros da Policía Local, en materia salarial.
- Acórdase a apertura de catro expedientes informativos en materia de contratos considerando o escrito do Voceiro do Grupo Municipal Popular do Excmo. Concello de Lugo.
- Acórdase a atribución temporal das funcións establecidas no artigo 62 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Excmo. Concello de Lugo.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación: b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	12/06/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==	PÁGINA	3/3



b89rPDIGX2r6Qyg1e4oXVg==